

IDEAS DE ACTIVIDADES PARA TRABALLAR OS NÚMEROS:

Facer **tarxetas** dos números do 1 ao 5, ao 10 , ao 20...dependendo de cada neno/a e na etapa que se atope.

Estas tarxetas poden ser en cartón, tapas de botellas, cartas da baralla.....



Ordenar os números, colocar o que falta, poñer tantas cousas como indica o número (pinzas da roupa, pedras, xoguetes.....)



Colocar dentro de cada cartón tantas cores como indica o número.

Bingo de números: facer tarxetas con distintos números, e ir sacando números (poden ser os escritos nas tapas, ou as tarxetas) e ir marcando os que nos saian.



Detectives de números: que busquen e rodeen números en catálogos de supermercado, revistas...

Pódenos recortar e despois pegalos e ordénalos, debuxar tantas cousas como indica o número ou facer unha composición libre con eles.



Ou ir anotando ou dicindo números e que os atopen.

Poden facer o seu propio catálogo: debuxar todo o que lle gustaría que houbera no supermercado e poñerlle o prezo ao lado.

Facer moedas e billetes de papel ou cartón para xogar e con eles os/as máis maiores facer pequenas sumas ou contar os cartos que teñen.



Si temos **dados** poñer o número que nos saia, facer sumas, dar tantos saltos, palmadas.... como nos toquen.


Nas tiradas ir anotando o número para ir traballando a súa grafía, en papel, moldealo con plastilina, escribilo na terra con paus....



Facer **carreiras** de chapas, cochesdebuxando en papel, cartón ou no chan un taboleiro e facendo os movementos que indique o dado, facer comparacións (quen se moveu máis postos, cantos máis, cantos menos..., cantos faltan para chegar ao 10....)

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

Xogar a **xogos de mesa** como a oca, o parchís, ás cartas, puzzles, dominós... ou **xogos tradicionais** como á mariola ou o peletre.



FORMAS XEOMÉTRICAS:

Buscar distintas **formas** xeométricas pola casa.

Debuxar a silueta, debuxar a partires dun cadrado, círculo....



Compoñer debuxos coas formas(recortar papeis, teas, cartón en forma circular, triangular...)



Facer distintas figuras empregando palillos, bastoncillos...e os poden unir con plastilina.



Deixámosvos un enlace con máis actividades:

<https://es.ixl.com/math/infantil>